

De lonxe ven, e de todos nós é coñecido o costume e a afección da nosa xente de cantaren nas tabernas coma unha maneira de divertimento, de ocio mais tamén coma un xeito de producir e manter a tradición musical tan enraizada no noso pobo. Non podemos esquecer que moitos dos coñecidos grupos de música popular da nosa terra xurdiron deste tipo de actividade e que moitas das cancións que forman parte das nosas vidas teñen o seu nacemento aquí; nas tabernas.

Ao longo dos anos setenta, comezaron a verse por distintas tabernas o consabido cartel de “Prohibido cantar”, cercenando así o desexo de moitos afeccionados á música de pasar un rato agradable cantando en compañía de bos amigos.



Por outra banda, esta representación espontánea da nosa cultura musical, leva moito tempo esquecida froito da proliferación dos locais tipo “disco pub” ou similares, onde se consume exclusivamente música enlatada ou onde se lle cede o paso ao fútbol televisado; e é de sentido común que se volva a recuperar e se coloque no lugar que merece.

De un tempo a esta parte, vimos constatando en distintos lugares do noso país un renacer do que veu en chamarse música de taberna, ou canto tabernario. Concursos, certames organizados polas institucións locais ou eventos patrocinados por entidades privadas están a recuperar esta tradición e, o mesmo tempo, a fomentar a actividade económica que rodea a calquera evento que atrae a un número importante de persoas.

### Os cantos de taberna

Como moi ben di o seu nome, o canto de taberna caracterízase por **dous elementos fundamentais**:

1.- Trátase dunha manifestación musical onde o instrumento primordial -e na maioría dos casos o único- é a voz. Nalgúns casos as voces podían ir acompañadas dalgún instrumento que normalmente se “fabricaba” espontaneamente; As cunchas de vieira, as culleres, os



golpes ben compasados na mesa ou na barra...E noutras ocasións podía haber un “músico” que dispoñía dunha guitarra, un acordeón...

**2.-** É unha manifestación musical que se fai nun lugar pechado e de dimensións mais ou menos reducidas.

Se aceptamos estas dúas características **DEFINITORIAS** do canto de taberna é importante que os criterios para a realización do proxecto que temos nas mans se axusten o máximo posible a elas.

Sabemos que hoxe en día hai certames, concursos, encontros de cantos de taberna que non se remiten a estes criterios e que abren o espazo das tabernas a outro tipo de manifestacións musicais que ata o de agora tiñan un espazo propio; rúas, adros, verbenas, seráns, foliadas.... dependendo do tipo de agrupación.

De igual maneira que un grupo de canto tabernario – tal e como foi definido- non ten o seu lugar nestes espazos que acabamos de sinalar, xusto é que teña un espazo de seu e que sexa defendido.

Por outra banda, un local reducido e pechado, precisa dun coidado nos volumes en voz e número para que non acabe estando “fora de lugar”. No caso que nos ocupa este aspecto inda ten maior relevancia xa que a maioría das tabernas na nosa cidade son ben pequenas.

Inda sendo conscientes de que esta concepción do Canto de Taberna non é a que se está a fomentar maioritariamente, pensamos que esta “diferencia” pode supoñer un valor engadido o noso proxecto.

Polo tanto propoñemos as seguintes **condicións de participación:**

- O instrumento primordial e indispensable é a voz. Non pode haber temas só instrumentados e os restantes instrumentos utilizados estarán como apoio as voces.
- Poderase contar coa participación de : acordeón, guitarra e como máximo unha pandeireta e unha gaita que non irá acompañada de tamboril nin bombo.
- Os grupos participantes terán un máximo de 10 compoñentes.



Poderanse facer excepcións a estas condicións baixo criterios estritamente técnicos e debidamente xustificadas.

